

## ACTA DA MESA DE NEGOCIACIÓN DE EMPREGADOS PÚBLICOS

**Luns, 6 de abril de 2026**

Cando son as 13:05 horas do día 6 de abril do 2026, na Sala Branca do Concello de Vilagarcía de Arousa, dáse por constituída a Mesa Xeral de Negociación para empregados públicos do Concello de Vilagarcía de Arousa coa asistencia das organizacións sindicais legalmente lexitimadas e coa presenza, con voz pero sen voto, da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa, segundo a listaxe de asistencia adxunta. Exerce como secretario D. Manuel Franco Leis, acompañado por Jorge Patiño Moledo, auxiliar en prácticas académicas do grao de Relacións Laborais da USC.

1.- A concelleira de Persoal dá inicio á mesa de negociación facendo unha introdución dos puntos da convocatoria que se van tratar, incluída a modificación feita ao engadir como primeiro punto a modificación da RPT, ademais de explicar o informe proposto por Galivalia para levar a cabo esta modificación.

CSIF toma a palabra para aclarar o seu erro de cálculo na mesa de negociación anterior, onde houbo unha negativa clara por parte de CSIF para aprobar o punto debido ao erro de cálculo mencionado. Ademais, aclara que, como maioritariamente na reunión co persoal funcionario da Policía Local e de Emerxencias se votou a favor, eles non van ser quen de opoñerse ante unha mellora para os traballadores e traballadoras.

CIG explica que vai votar a favor, pero quere propoñer o aumento dos efectivos de policía locais con noites asignadas e que sexa un/ha policía local máis por quenda, o que faría máis viable a conciliación en canto a peticións de asuntos particulares e vacacións. Ademais, reduciríanse as horas extras, o que favorecería tanto a traballadores/as como ao mesmo Concello de Vilagarcía de Arousa.

Pásase á votación do punto primeiro, relativo á modificación puntual da RPT. Tanto CSIF como CIG e UGT están a favor da aprobación, mentres que CCOO se abstén. Deste xeito, queda aprobada por maioría a modificación puntual da RPT, o catálogo e a valoración de varios postos no Servizo de Policía Local e de Emerxencias, segundo o documento presentado por Galivalia.

2.- O punto segundo da convocatoria é introducido pola concelleira de Persoal, punto primeiro da anterior mesa, que pasa a ser o punto segundo da actual.

Pásase á votación do punto mencionado:

- A favor: CSIF, CIG e UGT
- Abstención: CCOO

Así, queda aprobada por maioría a proposta da Alcaldía relativa a orzamentos de persoal de 2026, o cadro de persoal e a RPT de 2026, e á ratificación dos acordos da Mesa Xeral de Persoal Funcionario.



3.- Punto terceiro da orde do día introducido pola concelleira de Persoal, que expón os postos que se ofertan para o ano 2026 da oferta de emprego pública de 2026.

UGT pregunta sobre a previsión de creación de novas prazas para o departamento de Emerxencias, que se poderían abrir utilizando os fondos que corresponderían ao SPAD, ao que a concelleira responde que, co incremento do 4,5% nas retribucións para todo o cadro de persoal municipal, non hai fondos nin oportunidade para crear e ofertar novas prazas no 2026.

Pásase á votación da OEP do ano 2026, e apróbase por unanimidade de todas a representacións sindicais.

UGT quere comentar que é necesario o emprego da linguaxe inclusiva no Concello de Vilagarcía de Arousa.

4.- Unha vez finalizados os puntos previstos na convocatoria, ábrese a quenda de rogos e preguntas.

CSIF pregunta cando se pagarán as noites atrasadas, ao que a concelleira e o secretario responden que se fará unha vez que se obteñan todas as informacións necesarias de todos os servizos que reclaman os atrasos e tras os trámites con Intervención etc.

CIG interésase polos cobros das gratificacións das nocturnidades por reposo médico, ao que o equipo de goberno responde que se deu un caso en xaneiro e que, inicialmente, dado que o acordo marco non recollía esa situación, non foi aboada, se ben posteriormente, ao tratarse como ausencias xustificadas, como así as define a xurisprudencia, vai modificarse esa postura e vanse aboar. Deste xeito, aboaranse estas situacións dende xaneiro ata que se integren no complemento específico como ausencias xustificadas.

UGT solicita aclaración sobre a solución para prazas de segunda actividade. Como resposta por parte do equipo de goberno, aclárase que se cumpre en todo caso a normativa de prevención, e que a medida é a adaptación do posto de traballo, sempre que se cumpra cos requisitos necesarios e se dispoña de xustificación médica dos servizos de vixilancia da saúde; pero, ao non existir prazas para segunda actividade dispoñibles, non se poden ofertar.

A maiores, UGT pide compromiso para a creación dunha nova praza de operario de emerxencias. Dende o equipo de goberno respóndese que non se pode asumir ningún compromiso, que esa creación dependerá do orzamento, polo que será difícil asumir a petición da nova praza de emerxencias no curto prazo.

CIG solicita a creación dunha mesa sectorial exclusiva para os cemiterios e a escola de música. Manifesta que xa se pediu na xuntanza anterior, pero non aparece na acta e desexa que se faga constar.

O secretario explica que, efectivamente, recorda tal solicitude e pide desculpas por non recollelo correctamente na acta da xuntanza anterior, pero que si lle consta que se falou ao remate da reunión pasada.

A concelleira responde que non sería posible crear esas mesas sectoriais porque, se non, habería que facer unha mesa sectorial para cada departamento, cousa que non resulta posible polo tamaño do Concello de Vilagarcía de Arousa. CIG manifesta que o comprende, pero que quere que se faga constar, en todo caso, a petición na acta.



CSIF solicita ter en conta os escritos presentados para respondelos na mesa que corresponda.













Debátese se fixar unha data para a mesa relativa ao protocolo de prevención de acosos, pero o equipo de goberno indica que, ao non recibir todas as achegas, resulta moi complicado comprometer unha data e que, se son moitas a achegas, pode levar un tempo integralas no documento proposto xa remitido.

Ás 13:30 horas dáse por rematada a sesión, da que se estende a presente acta.

O secretario.



LISTA DE ASISTENCIA MESA EMPREGADOS PUBLICOS 6/4/2026

	NOME	SINDICATOS	SINATURA
1	José Carlos Azevedo	CIG	
2	Renan Azevedo Zecchin	CSIF	
3	José Carlos Vin Carraz	CSIF	
4	Jenivans Fernanda Vieira	CSIF	
5	Maria Rosa Magalhães	CCOO	
6	ANAEL SOARES ALVES	CCOO	
7	Fátima Vieira Fabeiro	UGT	
8	MARCEL PINHO RODRIGUES	UGT	
9	Fco. DAVID GUICHER BOSCH	CIG	
10	David Huchales Ayre	CIG	
11	Juan Samuel Guisasa	CIG	
12	MARIN BRUNO COSTAS	CIG	
13			
14			
15			